

**ORZAMENTO**

**DA USC**

**2010**



## Introdución

En cumprimento do establecido no artigo 172 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, o Equipo de Goberno presentou ao Claustro Universitario as LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2010, co obxecto de que fosen analizadas e debatidas por el para a súa aprobación. Celebrado o día 4 de febreiro do ano 2010 o Claustro Universitario, este aprobou as Liñas Xerais que se recollen de seguido, coas modificacións introducidas no debate, constituíndo as mesmas a introdución da formulación más detallada do documento orzamentario. Presentado ao Consello de Goberno, este o aprobou o día 17 de febreiro e, posteriormente, o Consello Social aproboouno definitivamente na sesión do 22 de febreiro.

A aplicación do actual marco de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (SUG) supuxo unha redución significativa de recursos para o exercicio 2010 en relación ao ano anterior. Aínda que o SUG recibiu da Xunta de Galicia achegas adicionais ás cifradas no Plan de Financiamento vixente, os recursos con carácter non finalista inicialmente previstos para as universidades redúcense máis dun 5% respecto do ano 2009. Esta situación fixo inicialmente imposible a elaboración dun orzamento equilibrado no caso da USC, dada a súa especial situación económico-financeira, ao existir unha falta de correlación entre os recursos achegados e as necesidades derivadas da nosa estrutura e perfil de actividades. A negociación desenvolta co Goberno da Comunidade para dar resposta a esta situación fixo que se demorara a presentación ao Claustro das liñas xerais de orzamento para o exercicio 2010, presentándose así fora do prazo habitual. Esta situación foi avanzada ao Claustro Universitario o pasado día 18 de decembro.

A USC neste exercicio non pode ser allea á situación económica xeral, que resulta moi desfavorable para o ano 2010, e así os recursos finalmente dispoñibles non son os que se necesitarían para afrontar con maiores garantías e melhores resultados as responsabilidades que temos encomendadas e os retos que temos no horizonte. En todo caso, o marco orzamentario que aquí se presenta busca dar resposta á Planificación Plurianual 2007-2010, aprobada polo Claustro Universitario, e ás necesidades previstas para o actual exercicio, e supón unha garantía para transitar dun modo razonable e ben organizado cara un novo Plan de Financiamento do SUG, agora xa absolutamente imprescindible.

## Financiamento do Sistema Universitario de Galicia

A USC ten liderado dentro do Sistema Universitario Galego a reivindicación e a argumentación sobre a necesidade dun sistema de financiamento que garanta a

suficiencia financeira das universidades para o cumprimento das funcións que veñen desenvolvendo. Neste contexto temos resaltado que, se ben o actual Plan de Financiamento do SUG 2005-2010 supuxo un avance respecto da situación anterior, na súa aplicación, principalmente nestes últimos anos da súa vixencia, ficou aínda moi lonxe de achegar ao SUG os recursos necesarios, e de forma especial á nosa universidade. A especial estrutura de cadre de persoal, de servizos e de infraestruturas, e moi especialmente o perfil de actividades da USC, acorde coa posición que a nosa Universidade ocupa dentro do sistema universitario español e internacional, fan que o vixente Plan de Financiamento lle sexa especialmente inadecuado. Así o puxemos de manifesto xa no momento da sinatura do Plan, cando indicamos que a súa aplicación suporía no caso da USC ter que dedicar a gasto corrente o que no Plan de Financiamento se orienta a contratos programa e apoio á I+D.

O anterior Goberno Autonómico asumió dende o inicio do seu mandato, e de forma reiterada, o compromiso de reformular o Plan de Financiamento co obxectivo de chegar a aportar ao SUG o 1% do PIB galego nun horizonte temporal que foi adiando dende o ano 2010 ata o ano 2013, sen que finalmente se chegase a materializar ningún acordo ao respecto. O novo Goberno ten agora a obriga de desenvolver un novo Plan de Financiamento ante o remate do actual, pero ata o momento non se fixou un obxectivo cuantitativo a acadar nin un horizonte temporal para o mesmo. Esta situación fai que a realidade actual do financiamento universitario galego estea moi lonxe das expectativas creadas e, o que é aínda peor, das necesidades reais dunha universidade galega que debe medirse no contexto nacional e internacional. No cadro seguinte reflíctese a evolución do financiamento do SUG en relación ao PIB.

Cadro 1  
Financiamento da Comunidade Autónoma ao SUG (en miles de euros)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Secretaría Xeral da Consellería de Educación	12.381	12.381	13.131	12.381	12.381	12.381
D. X. /Secretaría Xeral Univ.	258.274	284.913	314.162	343.345	351.808	362.327
D. X. Promoción Científica e Tec. do SUG		9.398	17.597	18.917	21.612	0
D. X. Investigación (só prog. 561. invest. Univ.)	26.251	29.241	33.747	42.407	48.898	49.615
<b>Total</b>	<b>296.906</b>	<b>335.933</b>	<b>378.636</b>	<b>417.049</b>	<b>434.698</b>	<b>424.323</b>
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		13,14%	12,71%	10,15%	4,23%	-2,39%
<i>PIB Galicia IGE</i> (-2,5% para 2009 e 0,06% 2010)	48.243.350	52.138.302	55.850.325	58.475.290	57.013.408	57.355.488
<b>% PIB</b>	<b>0,62%</b>	<b>0,64%</b>	<b>0,68%</b>	<b>0,71%</b>	<b>0,76%</b>	<b>0,74%</b>
<b>Crecemento 2010 respecto 2005</b>						<b>42,9 %</b>

Fonte: Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia  
PIB 2007 Publicado IGE.

Estimacións crecemento PIB 2009 e 2010, Orzamentos Comunidade Autónoma

Nas cifras anteriores recóllese a totalidade do gasto das unidades administrativas e dos programas relacionados coas universidades, incluíndo, polo tanto, non só os recursos achegados ás tres universidades senón tamén as transferencias ás entidades relacionadas coa docencia e a investigación de ámbito universitario, o aportado ás familias e os gastos da propia Comunidade Autónoma relacionados coa administración universitaria.

Ao cadro anterior deben engadirse o resto de achegas que dende a Administración Autonómica se fan ás tres universidades galegas, e que veñen dadas polas transferencias realizadas polo SERGAS para facer fronte ao pago do complemento ao profesorado vinculado pola prestación de servizos de asistencia sanitaria -uns 5,1 millóns de euros-; os contratos e convenios relacionados coa prestación de servizos de investigación por parte das universidades á propia Comunidade Autónoma -uns 9 millóns de euros-; os convenios con diversas Consellerías para o financiamento de mestrados universitarios -0,7 millón de euros-; así como aqueles convenios específicos que para actuacións concretas de interese común asinan as universidades coa Comunidade Autónoma. Aínda que estas partidas, agás as dúas últimas, non poden ser consideradas financiamento universitario en sentido estrito, a súa inclusión non muda substancialmente as porcentaxes anteriores.

A conclusión é clara: a pesar do avance que se produciu dende o ano 2005, o esforzo inversor da Comunidade Autónoma situarse no exercicio 2010 arredor do 0,74% do PIB, moi lonxe do obxectivo comprometido co SUG e, sobre todo, máis lonxe aínda da realidade financeira das universidades do Estado español, que son o noso

referente inmediato e coas que temos que medirnos en todos os ámbitos, onde o financiamento autonómico se sitúa actualmente en moitos casos por riba do 1% do PIB.

Aínda a risco de ser repetitivos, consideramos necesario que a sociedade sexa consciente da situación diferencial do financiamento do SUG respecto do resto do Sistema Universitario Español, polo que nesta introdución aos orzamentos recollemos de novo no cadro seguinte os últimos datos publicados en “*A universidade española en cifras*” sobre a evolución das transferencias da Administración educativa por alumno. Queremos evitar a queixa pero non debemos eludir informar á sociedade e facela consciente da situación de financiamento do SUG e das enormes limitacións que isto arrastra á hora de atender as nosas responsabilidades coa calidade necesaria.

**Cadro 2**  
**Transferencias correntes da Administración por estudiante**

	Transferencia corrente por estudiante (euros correntes)				Transferencia corrente por estudiante (euros 1996)	
	U. Galicia (euros)	U.Públicas de España (euros)	U. Galicia %	U.Públicas de España %	U. Galicia (euros)	U.Públicas de España (euros)
Ano 1996	2.016,19	1.889,49	106,71	100,00	2.016,19	1.889,49
Ano 1998	2.021,60	2.022,12	99,97	100,00	1.929,93	1.930,42
Ano 2000	2.216,40	2.470,76	89,71	100,00	1.979,11	2.206,24
Ano 2002	2.580,61	3.140,56	82,17	100,00	2.146,75	2.612,26
Ano 2004	2.992,45	3.848,16	77,76	100,00	2.316,68	2.979,14
Ano 2006	3.967,27	4.784,77	82,91	100,0	2.858,82	3.447,90
<i>Crecemento 2006/1996</i>			<b>96,77</b>	<b>153,23</b>	<b>41,79</b>	<b>82,48</b>

*Fonte:* *A Universidad Española en cifras. Crue (2008).*

Este indicador das transferencias por alumno debe ser valorado tendo en conta factores como a evolución do alumnado ou o feito de non contemplar a actividade investigadora. En todo caso, as magnitudes, ao igual que a súa evolución, reflecten de novo a posición diferencial do SUG respecto do principal referente co que temos necesariamente que compararnos.

Centrándonos no actual Plan de Financiamento do SUG, a evolución da maioría dos recursos que se achegan ás universidades liganse á evolución dos ingresos non financeiros da Administración Autonómica -que para o 2010 decrecen un 11,9% respecto ao exercicio 2009-. Para compensar en parte esta evolución tan negativa do Plan de Financiamento, o Goberno Autónomo fixou unha dotación suplementaria ao Plan de 30,2 millóns de euros para este ano pero, aínda así, o total de recursos ligados ao Plan diminúen no seu conxunto un 2,5% respecto do exercicio 2009.

Así mesmo, para unha mellor análise da realidade do financiamento do SUG, debemos ter en conta que se ben as cifras absolutas de financiamento universitario, recollidas no cadro nº 1, poñen de manifesto unha caída do 2,39% no exercicio 2010 respecto do ano anterior, á hora de analizar a capacidade financeira das universidades hai que considerar que nas magnitudes anteriores intégranse conceptos cun destino xa predefinido –sexenios, complementos e proxectos ou programas de persoal autonómicos no ámbito da investigación–, polo que resulta máis clarificador analizar a evolución das partidas que a priori non teñen un destino prefixado e que son as que realmente outorgan autonomía financeira ás universidades.

**Cadro 3**  
**Partidas incondicionadas do Plano de Financiamento do SUG (en miles de euros)**

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Financiamento Basal	229.496,4	251.528,0	273.914,0	296.648,9	291.605,9	257.887,5
Fondo Apoio Calidade	2.429,0	2.671,9	3.019,2	3.411,7	3.957,6	4.590,8
Fodo Apoio I+D	5.250,3	5.775,3	6.526,1	7.374,5	8.554,4	9.923,1
Fondo Nivelación (non inclúe á USC)	5.000,0	5.515,0	6.061,0	6.624,7	6.558,4	5.899,4
Fondos Investimentos RAM Complemento Plan no 2009 e 2010	17.429,4	17.429,4	17.429,4	17.429,4	17.429,4	17.429,4
Total	259.605,0	282.919,6	306.949,7	331.489,2	344.419,7	326.014,7
<i>Porcentaxe variación ano anterior</i>		8,98%	8,49%	7,99%	3,90%	-5,34%

Fonte: Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia

Este cadro nº 3 reflicte que os conceptos incluídos no Plan de Financiamento do SUG sobre os que as universidades teñen libre disposición -aínda que os programas de calidade e apoio á investigación están condicionados a acadar certos obxectivos-, presentan unha caída de máis do dobre do financiamento global, cunha diminución do 5,34%. Para ser realmente conscientes do que implica a diminución deste financiamento, convén resaltar que o total de recursos que por estes conceptos recibe a USC non cubre a parte do Capítulo I -gastos de persoal- que se financia con recursos propios, que sen contemplar ningún tipo de nova acción no ámbito do persoal, presenta crecementos positivos do entorno do 2%.

Esta situación de financiamento do SUG é especialmente negativa para a USC, xa que, como se vén reiterando dende fai tempo, e se pon de manifesto unha vez más nestas liñas xerais, se ben se ten reconducido o grave desequilibrio entre ingresos e gastos que se produciu a principios da década, tal como se puxo de manifesto na liquidación do exercicio 2008 -último exercicio liquidado e auditado-, e se reflicte nas previsións do peche do exercicio relativo ao ano 2009, os recursos cos que contamos son insuficientes para fazer fronte ás necesidades básicas que se derivan das responsabilidades que temos que atender.

Neste escenario de financiamento é moi difícil non perder posicións no conxunto do Sistema Universitario Español e Europeo e pódese considerar case unha milagre ter conseguido a consideración de Campus de Excelencia Internacional, algo que se debe a un coidado e exitoso proxecto institucional de análise-planificación-acción e ao esforzo do persoal da USC para "facer máis con menos". Pero as nosas forzas non son ilimitadas, e o non dispor de forma inmediata dun novo Plan de Financiamento pode debilitar de forma irreversible as nosas posibilidades de continuar mellorando como universidade e como servizo público para o conxunto da sociedade.

A situación comentada fixo que para o ano en curso o Goberno Autónomo accedese a establecer medidas complementarias para o SUG e para a USC en particular, co que finalmente se puideron presentar ao Claustro estas liñas xerais de orzamento de cara ao vindeiro ano. Un orzamento no que non se deben buscar grandes alegrías, pero si unha proposta sensata, organizada segundo a Planificación Plurianual 2007-2010 e as necesidades previstas para o ano en curso, e responsable coa crise económica que vivimos e coa sociedade que a está en conxunto a sufrir con extrema dureza.

## Marco financeiro da USC para 2010

Para o exercicio 2010 a aplicación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2005-2010, aprobada nos Orzamentos da Comunidade Autónoma para este ano, contempla a seguinte evolución dos seus fondos diferenciados:

- *Financiamento básico incondicionado*: Diminúe un 11,3% respecto do exercicio 2009, situándose nos 112,8 millóns de euros.
- *Fondo de calidade*: Incremento do 16% respecto do exercicio anterior. Neste fondo, ademais dos sexenios de investigación e dos complementos autonómicos -financiamento finalista-, inclúense os recursos para os contratos-programa de calidade e apoio á investigación, partidas estas últimas de carácter incondicionado que se reparten por indicadores e obxectivos. A cantidade estimada para estes dous conceptos no 2010 é de 6,8 millóns de euros.
- *Fondo para investimentos*: Esta partida inclúe o financiamento da obra nova e o RAM, e no Plan de Financiamento non se establece ningún incremento durante o período de vixencia -algo que vén ocorrendo desde principios da década que agora remata-. Aínda pendentes de definir criterios de reparto para o ano 2010, orzaméntase unha cantidade estimada duns 5,03 millóns de euros.

As cantidades anteriores compleméntanse co fondo especial aprobado para este exercicio 2010 pola Comunidade Autónoma, do que á USC lle corresponden uns 12,3 millóns de euros, así como un contrato programa establecido á marxe do Plan de Financiamento e ligado ao obxectivo do EEES, que tamén diminúe neste exercicio, e polo que se espera ingresar unha cantidade aproximada de 1,05 millóns de euros. Estas cifras supoñen que o total de recursos que se prevé ingresar na USC durante o ano 2010, no marco do actual Plan de Financiamento do SUG e contratos programa complementarios, e considerando únicamente as partidas non finalistas, é de 138,2 millóns de euros, o que supón 7,3 millóns menos -un 5,1%- , que no ano 2009.

**Cadro 4**  
**Partidas incondicionadas Plano de Financiamento e contrato programa EEES**

	2009	2010
Financiamento Basal	127.255,2	112.895,7
Fondo Apoio Calidade	1.743,2	2.022,2
Fodo Apoio I+D	4.191,6	4.862,3
Fondos Investimentos RAM	5.036,5	5.036,5
Complemento plan de financiamento no 2009 e 2010	6.090,2	12.382,0
Contrato programa EEES (Fora do Plan)	1.307,4	1.045,9
Total	145.624,2	138.244,6
<i>Diminución ano anterior</i>		<b>7.379,51</b>

Na liña do exposto anteriormente, e na medida en que para a USC esta redución nos ingresos faría na práctica imposible a presentación dun orzamento equilibrado sen que isto supuxese unha parálise de facto da nosa actividade, foi negociado co Goberno Autónomo un apoio específico ligado á amortización da débeda que se ten que asumir neste ano -case 8 millóns de euros-, acompañado dunha redución dos gastos de funcionamento. A plasmación deste acordo supón unha autorización de débeda por un importe máximo de 10 millóns de euros, complementada con achegas adicionais non finalistas.

Ademais dos anteriores ingresos derivados do Plan de Financiamento e de acordos coa Comunidade Autónoma, a USC vén facendo esforzos significativos co obxectivo de acadar recursos adicionais, tanto no ámbito do sector público como no privado, sendo moi relevante o éxito acadado neste senso nas diferentes convocatorias competitivas e realmente excepcional o logro da consideración de Campus de Excelencia Internacional para o noso proxecto CAMPUS VIDA.

Inclúense tamén diversos convenios e contratos-programa finalistas ligados a accións de apoio á investigación, á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior e á mobilidade estudiantil, por un importe global de 3,8 millóns de euros.

No que atinxe a recursos privados, a USC ten asinados acordos de colaboración que lle supoñen uns ingresos de 2,1 millóns de euros non finalistas, empregados no financiamento de obxectivos propios.

Continuar na liña de acadar recursos adicionais mediante a busca de intereses comúns con outros axentes, tanto públicos como privados, ou programas europeos de diversa índole, así como a posta en valor do patrimonio da USC, permítelle á universidade desenvolver iniciativas complementarias ás súas funcións básicas de docencia e investigación, engadindo novas accións ás que se veñen recollendo tradicionalmente nos orzamentos.

## Obxectivos orzamentarios

No marco do escenario financeiro antes descrito preséntase un orzamento para o exercicio 2010 que supón unha reorientación dos gastos de funcionamento cara aqueles ámbitos que consideramos estratéxicos: persoal, EEES, investigación, internacionalización e infraestruturas.

Neste marco estratéxico, as dispoñibilidades financeiras da reordenación do gasto previstas para o ano 2010 priorizan os seguintes obxectivos, encadrados na Programación Plurianual 2007–2010 aprobada polo Claustro Universitario:

- O persoal segue a ser o eixo central neste orzamento para o exercicio 2010. Así, e áínda nun marco de restrición económica e nalgúns casos de restricións normativas, cúbrense as derivas obligatorias así como aquellas necesidades básicas de persoal.
  - En canto ao PDI, orzaméntanse os recursos para fazer fronte aos gastos correspondentes aos obxectivos incluídos na Planificación Plurianual 2007–2010, o que unido ao aforro de capítulo I pola evolución do cadre de PDI ou posibeis reestruturacións deste persoal que se irán producindo ao longo do ano, permitirá afrontar as promocións e estabilizacións previstas.
  - En canto ao PAS, orzaméntanse os recursos necesarios para fazer fronte aos gastos correspondentes aos obxectivos establecidos na Programación Plurianual 2007–2010, na liña de conseguir unha maior profesionalización na xestión da USC. Neste ámbito, é importante resaltar que o PAS segue a percibir unha remuneración inferior dentro do SUG. Os órganos da Universidade asumiron o compromiso de acadar a equiparación retributiva e nos últimos anos avanzouse neste obxectivo, cifrándose este avance para o PAS laboral nun 84% da diferenza por posto de traballo e para o PAS funcionario nun 55%. Cómpre polo tanto reiterar agora o compromiso da Universidade de completar a mencionada equiparación, para o cal se negociará coa representación de persoal o horizonte temporal e os recursos adicionais que permitan cumplir ese obxectivo. Por outra parte, e unha vez que xa rematou a análise de funcións, negociaránse coa representación do persoal as accións derivadas do mesmo, segundo o previsto na Programación Plurianual 2007–2010.
- A docencia e a investigación, como funcións prioritarias da universidade, seguen a acaparar as cantidades máis importantes das dispoñibilidades orzamentarias, destacando os recursos que son xestionados de forma descentralizada. Con estes recursos preténdese continuar na liña xa establecida en exercicios anteriores, iniciando novos programas que, en correspondencia cos obxectivos de calidade, introduzan as unidades estruturais –centros, departamentos e institutos–, na

cultura de asociar recursos a obxectivos, o que permite unha asignación de recursos máis eficiente e unha maior sintonía entre os obxectivos institucionais e os das distintas unidades estruturais.

Os créditos ligados ás accións previstas no Plan de Calidade en docencia, investigación e servizos de apoio; os relacionados co Espazo Europeo de Educación Superior (EEES); e as TIC, son os eixes prioritarios cara os que se orientan as disponibilidades orzamentarias.

Nesta mesma liña, e para avanzar no cumprimento da Programación Plurianual 2007–2010, que establece o obxectivo “3.2.1, Adecuar o persoal de PAS ás novas necesidades de xestión e de apoio á docencia e á investigación”, ao longo do ano elaborarase un Plan de Calidade de Administración e Servizos da USC (PCASUSC) para a súa posterior negociación coa representación do persoal. Este Plan incorporará medidas concretas para a mellora e modernización dos servizos de apoio á docencia e á investigación, en desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as contempladas na Programación Plurianual.

- Nestas liñas xerais mantense a orientación dos recursos dispoñibles cara á execución das obras de reparacións, novacións e mellora de edificios (RAM) así como das novas infraestruturas. Neste senso, priorizaranse as dotacións das partidas necesarias para continuar as obras actualmente en execución e dotalas de equipamento, co fin de facer posible, xunto cos créditos xa garantidos de exercicios anteriores, contar cos recursos necesarios para rematar todas as actuacións en marcha neste exercicio 2010.
- Seguen a focalizarse recursos orzamentarios nos servizos á comunidade universitaria e á extensión cultural e deportiva coa finalidade de seguir ofrecendo calidade de vida nos campus e fomentando a participación nestas actividades da comunidade universitaria en xeral e a estudiantil en particular.
- O financiamento dos procesos de valorización, transferencia de coñecemento e emprendemento, segue a ser un obxectivo prioritario da institución.
- En coherencia coa Programación Plurianual, segue a impulsarse a proxección internacional da USC no camiño da definición do seu Plan de Internacionalización. Ampliaranse mediante recursos externos os programas de mobilidade co obxectivo central de gañar posicións nos ámbitos de oferta, cooperación e programas, en coherencia coa estratexia definida no Campus de Excelencia Internacional.
- Habilítanse partidas específicas para executar as medidas de prevención e protección propostas nas avaliaciós de riscos dos distintos centros, que permitan adecuar os postos de traballo aos requisitos legais de aplicación e planificar adequadamente a actividade preventiva.
- Neste orzamento para o ano 2010 seguen a afrontarse as obrigas da carga financeira, que neste exercicio acadan un monto significativo ao entrar en fase de devolución os préstamos reintegrábeis acadados pola nosa universidade en convocatorias competitivas.

- Os anteriores obxectivos deben ser conxugados co proceso de descentralización na execución orzamentaria que vén desenvolvendo a Universidade, dando resposta á súa realidade bicampus, co obxectivo de acadar unha administración máis eficiente e eficaz na xestión dos recursos.
- Finalmente, coa finalidade de seguir avanzando na liña de transparencia, ao igual que se fixo no exercicio anterior, no orzamento que se elevará ao Consello de Goberno, ademais dos gastos e ingresos orzamentarios derivados para a USC da actividade das empresas nas que participa, incorporarase información adicional sobre o resto de gastos e ingresos asociados a estas actividades.

O contexto económico tan desfavorable que se esta a vivir en todo o mundo, e que se proxecta con especial intensidade no ano 2010, vaise a sobrepor á disparidade existente entre os recursos económicos con que conta a USC e as súas necesidades. Isto nos obriga a facer un novo exercicio de contención nos distintos capítulos de gasto, de priorización na distribución dos recursos previstos e de rigor extremo na execución orzamentaria.

Neste senso, a priorización dos gastos obriga, ademais de a facer reducións importantes en determinados ámbitos –gastos de funcionamento, colaboracións con entidades externas, etc.–, a prescindir de forma transitoria dalgúns programas e accións no exercicio 2010 –como é o caso das axudas a profesores visitantes, concesións de Honoris Causa, etc.–, e a que algunas accións non conten con financiamento da propia USC, véndose obrigadas a finanziarse exclusivamente mediante a captación de recursos externos –cursos de verán, actividades de emprendemento, etc.–. Así mesmo, seguiremos a intensificar a maior eficiencia e eficacia posible na execución dos recursos e faremos un seguimento na execución do orzamento para intentar incluso un aforro de recursos que permita minimizar o impacto do crédito autorizado.

Con todo o anterior, este orzamento para o exercicio 2010, que se verá complementado cunha liquidación equilibrada do exercicio 2009, que a súa vez permitirá a incorporación de cantidades significativas de remanentes non afectados, garante unha capacidade de gasto á USC, que si ben non é a que deberíamos ter para seguir avanzando conforme aos retos que temos que acometer, permitirános manter cando menos as actividades que vimos desenvolvendo sen dar pasos atrás.

Finalmente, e na medida en que a mediados de ano se producirá un cambio no goberno da USC, o actual Equipo de Goberno ten o firme empeño de realizar unha execución ordenada e contida deste orzamento capaz de garantir ao novo Equipo de Goberno unha capacidade de gasto e manobra máis que proporcional ao período de tempo no que este exerza a dirección da universidade no actual exercicio.

## Ingresos e Gastos Resumo Xeral

O proxecto de orzamento da USC para o ano 2010 ascende a 244,6 millóns de euros nos seus estados de ingresos e gastos, o que supón unha diminución do 0,52% respecto á previsión inicial do exercicio 2009. Esta diminución ten a súa orixe principalmente na evolución dos recursos derivados do Plan de Financiamento do SUG, cuxas partidas non finalistas diminúen un 5,1% respecto ao ano anterior, o que fai necesario recurrir a recursos complementarios e ao endebedamento para poder presentar un orzamento equilibrado que dea resposta de forma razonable ás necesidades da USC. Esta minoración, aínda que pequena, dos recursos dispoñibles, reflíctese nunha baixada moi significativa nos gastos de funcionamento -capítulos II, III, I V e VI-, concretamente nun 9,5%, coa finalidade de poder fazer fronte ás derivas dos gastos de persoal -un 2,7% de incremento na parte financiada con recursos propios-, e das novas obrigas derivadas da devolución de préstamos reintegrables que fan que o capítulo de variacións de pasivos financeiros case duplique as obrigas do exercicio 2009 ata acadar os 8 millóns de euros. Neste marco orzamentario, as dispoñibilidades financeiras priorízanse cara aos obxectivos e accións consideradas estratégicas para o ano 2010, no marco da Programación Plurianual 2007-2010, en especial no ámbito do persoal, o EEES, a investigación, a internacionalización e as infraestruturas.

No cadro nº 5 recóllese os resumos do estado de ingresos e gastos clasificados por capítulos, de acordo coa preceptiva clasificación por natureza económica.

Cadro 5  
Resumo do orzamento do 2010 por capítulos

Ingresos		Euros	% total
III.	Prezos públicos e outros ingresos	43.543.000,0	17,80
IV.	Transferencias correntes	138.729.220,0	56,70
V.	Ingresos patrimoniais	750.000,0	0,31
<b>Total operacións correntes</b>		<b>183.022.220,0</b>	<b>74,81</b>
VI.	Alleamento de investimentos reais	--	--
VII.	Transferencias de capital	51.631.480,0	21,10
VIII.	Variación de activos financeiros	0,0	0,00
IX.	Variación de pasivos financeiros	10.000.000,0	4,09
<b>Total operacións de capital</b>		<b>61.631.480,0</b>	<b>25,19</b>
<b>Total operacións financeiras</b>		<b>10.000.000,0</b>	<b>4,09</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>244.653.700,0</b>	<b>100,00</b>
Gastos		Euros	% total
I.	Gastos de persoal	153.749.730,0	62,84
II.	Gastos en bens correntes e servizos	30.280.140,0	12,38
III.	Gastos financeiros	650.000,0	0,27
IV.	Transferencias correntes	3.367.930,0	1,38
<b>Total operacións correntes</b>		<b>188.047.800,0</b>	<b>76,86</b>
VI.	Investimentos reais	48.618.650,0	19,87
VII.	Transferencias de capital	--	--
VIII.	Variación de activos financeiros	--	--
IX.	Variación de pasivos financeiros	7.987.250	3,26
<b>Total operacións de capital</b>		<b>56.605.900,0</b>	<b>23,14</b>
<b>Total operacións financeiras</b>		<b>7.987.250,0</b>	<b>3,26</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>244.653.700,0</b>	<b>100,00</b>

## Orzamento de Ingresos

O cadro n° 6 recolle as previsións financeiras que dan contido ao estado de ingresos do orzamento da USC para o exercicio 2010, agrupados por capítulos segundo a correspondente clasificación económica. Analizamos de seguido os aspectos más salientables respecto da estimación de ingresos que financia o orzamento da nosa Universidade, resaltando unha diminución moderada respecto do exercicio anterior do 0,52%.

**Cadro 6**  
**Orzamento de ingresos da USC (en miles de euros)**

		<b>Estrutura Económica</b>		<b>% var. s/2009</b>
		<b>2009</b>	<b>2010</b>	
III.	Prezos públicos e outros ingresos	42.952,24	43.543,00	1,38
IV.	Transferencias correntes	149.455,89	138.729,22	-7,18
V.	Ingresos patrimoniais	1.300,00	750,00	-42,31
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>193.708,11</b>	<b>183.022,22</b>	<b>-5,52</b>
VI.	Alleamiento de investimentos reais	--	--	--
VII.	Transferencias de capital	48.427,62	51.631,480	6,62
VIII.	Variación de activos financeiros		--	--
IX.	Variación de pasivos financeiros	3.789,65	10.000,00	163,88
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>52.217,27</b>	<b>61.631,48</b>	<b>18,03</b>
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>3.789,65</b>	<b>10.000,00</b>	<b>163,88</b>
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>245.925,40</b>	<b>244.653,70</b>	<b>-0,52</b>

### III.1. Operacións correntes

Nos capítulos terceiro ao quinto do orzamento de ingresos recollemos os correspondentes ás operacións correntes. O importe estimado nestas operacións para o ano 2010 ascende a 183 millóns de euros, o que representa o 74,81% dos ingresos totais inicialmente presupostados e proceden, na súa meirande parte, das transferencias correntes -56,70%- e dos prezos públicos e outros ingresos -17,80%- , sendo marxinais os ingresos patrimoniais -0,31%- . No seu conxunto diminúen un 5,52% respecto do exercicio anterior o que supón así mesmo unha minoración no seu peso relativo dentro do conxunto do orzamento, debido principalmente a que a partida de financiamento básico do Plan de Financiamento redúcese nun 11%, e a meirande parte da compensación establecida pola Comunidade Autónoma se instrumenta como transferencias de capital.

### *Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos*

Neste capítulo de ingresos inclúense os correspondentes aos servizos de carácter académico e o resto de servizos que a USC oferta á comunidade universitaria e á sociedade, estimándose unha previsión de ingresos para o ano 2010 duns 43,5 millóns de euros, o que supón un incremento dun 1,38% respecto da cantidade inicialmente orzamentada no exercicio 2009.

Diminúen lixeiramente os ingresos por prezos de matrícula debido a conxelación das taxas académicas e a repercusión da implantación dos novos grados, manténdose a boa evolución dos ingresos por servizos de investigación por convenios e contratos. O incremento neste capítulo ten a súa orixe na operativa que esta universidade vén desenvolvendo de forma pioneira no Sistema Universitario Español respecto da recuperación do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) soportado.

O resto de ingresos correspóndense con servizos á propia comunidade e ao exterior, que xeran o correspondente gasto, destacando os incrementos que se veñen producindo nos ingresos por actividades deportivas e publicacións.

### *Capítulo IV. Transferencias correntes*

A previsión de ingresos no capítulo catro de transferencias correntes para o ano 2010 ascende á cantidade de 138,7 millóns de euros, o que representa o 56,7% dos recursos totais do orzamento da Universidade. Esta estimación supón unha importante diminución respecto do orzamentado no exercicio 2009 –do 7,18%. Diminucion que ten a súa orixe, fundamentalmente, na negativa evolución dos fondos que con carácter corrente achega o Plan de Finaciamento do SUG para este exercicio. Isto é debido ao feito de que o financiamento basal está ligado á evolución dos ingresos non financeiros da Comunidade Autónoma, que diminúen un 11,9%, ao tempo que o complemento do plan de financiamento –que para a USC ascende a 12,3 millóns de euros– achégase principalmente como transferencias de capital.

Os conceptos máis salientables dos ingresos por transferencias correntes son os seguintes:

- O financiamento básico incondicionado recollido no Plan de Finaciamento do SUG por importe de 117,3 millóns de euros. Nesta cantidade inclúese parte do complemento ao actual Plan de Finaciamento pero sen compensar a caída do mesmo, dado que no ano anterior ditos recursos ascendían a 131,3 millóns de euros.
- Os ingresos estimados para a USC do fondo para contratos-programa do Plan de Finaciamento do SUG, por importe de 2 millóns de euros.
- A cantidade estimada para o contrato-programa recollido no Orzamento da Consellería de Educación en relación ao EEES, así como outros convenios ligados a este obxectivo coa Administración Central, por un importe aproximado de 1,5 millóns de euros.
- Dúas partidas finalistas por un total duns 7 millóns de euros, que teñen por obxecto cubrir os gastos derivados da avaliación positiva de tramos de investigación e dos complementos autonómicos para o persoal docente e investigador.

- Os ingresos, igualmente finalistas, duns 5 millóns de euros derivados do acordo co SERGAS.
- Finalmente, entre o resto de conceptos do capítulo IV, de menor importancia relativa, destacan os convenios con empresas e entidades financeiras –por importe de 2 millóns de euros– e o financiamento externo asociado a programas específicos por importe duns 1,5 millóns de euros, entre os que se inclúen achegas da Comisión Europea e da Comunidade Autónoma relacionados coas mobilidades Erasmus e con terceiros países, así como o Programa I3 e o Manuel Colmeiro para incorporación de novo PDI.

#### *Capítulo V. Ingresos patrimoniais*

Neste capítulo recóllese a previsión dos ingresos para o ano 2010 pola utilización dos activos que integran o patrimonio da Universidade por parte de terceiros –xuros principalmente e concesións administrativas-. O importe inicialmente previsto ascende á contía de 750 mil euros, cantidade inferior á prevista en exercicios anteriores por mor da evolución dos tipos de xuros, áinda que se mantén a boa situación da tesourería da USC.

### **III.2 Operacións de capital**

No epígrafe de operacións de capital aglutínanse os recursos provenientes dos capítulos VI, VII, VIII e IX do orzamento de ingresos. Deles, os dous últimos capítulos conforman as coñecidas como operacións financeiras.

No orzamento para o exercicio 2010 contémplanse ingresos no capítulo VII correspondente ás transferencias de capital, e no Capítulo IX, variación de pasivos financeiros, estimándose no seu conxunto para este ano a cifra de 61,6 millóns de euros por estes conceptos, o que representa o 25,19% do total do orzamento de ingresos, cun incremento do 18,03% respecto do exercicio anterior.

A estas cantidades orzamentadas para o exercicio 2010 engadiránselle no seu día a incorporación como remanentes dos ingresos finalistas dotados en exercicios anteriores, principalmente relacionados coas novas infraestruturas, en fase de execución.

Os aspectos máis salientables da desagregación das operacións de capital, atendendo á clasificación económica, son os seguintes:

#### *Capítulo VII. Transferencias de capital*

Recóllense neste capítulo o conxunto de subvencións e transferencias que recibe a USC para gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, é dicir, con destino predeterminado polo organismo subvencionador.

Das cantidades recollidas neste capítulo cómpre destacar:

- Transferencias da Comunidade Autónoma correspondentes a novos investimentos e RAM, por importe de 5,4 millóns de euros e ao apoio á investigación por importe de 4,8 millóns de euros, partidas incluídas no Plan de Financiamento do SUG.
- Transferencias de capital para complementar a aplicación do actual Plan de Financiamento por importe de 7,8 millóns de euros, o que explica a evolución deste

capítulo ao producirse cara o mesmo un traspase de recursos que en exercicios anteriores tiñan un carácter corrente.

- Contratos-programa e convenios coa Comunidade Autónoma no ámbito da investigación e infraestruturas por importe de 2,5 millóns de euros.
- 1,2 millóns de euros procedentes da Comunidade Autónoma para a amortización das axudas reintegrables acadadas pola USC nos exercicios 2005–2006.
- Finalmente, ao igual que en exercicios anteriores, o apartado máis significativo neste capítulo é a presupostación, tanto en ingresos como en gastos, da anualidade prevista para o exercicio 2010 dos proxectos de investigación, resultado de convocatorias competitivas, que son financiados pola Comunidade Autónoma, a Administración Central e a Unión Europea. Aínda tendo en conta a boa evolución que a captación destes recursos presenta nos últimos anos, orzáméntanse de forma moderada nunha contía duns 28,5 millóns de euros.

#### *Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros*

Inclúese neste capítulo a cantidade de 10 millóns de euros que é a cantidade máxima de endebedamento autorizado pola Comunidade Autónoma como medida extraordinaria para que a USC poida presentar neste exercicio un orzamento equilibrado sen ter que recortar drasticamente a súa actividade. Na medida en que as dispoñibilidades de tesourería non farán necesario executar este endebedamento ata finais de ano, poderase axustar o mesmo en función da evolución dos ingresos e gastos, así como das decisións que adopte no seu caso o novo Equipo de Dirección.

## Presuposto de Gastos

Recollemos no cadro nº 7 o estado de gastos que se propón como orzamento da USC para o ano 2010, mediante a correspondente clasificación por capítulos. Para a súa análise, dende a vertente económica dos créditos que o integran, debemos ter en conta que o orzamento clasifica nos seus capítulos primeiro ao cuarto os gastos por operacións correntes que acadan para o exercicio orzamentado a contía de 188 millóns de euros, o que representa o 76,86% do total de gastos. Nos capítulos sexto ao noveno inclúense as denominadas operacións de capital, prevéndose unha dotación inicial de 56,6 millóns de euros, o que representa o 23,14% do total dos gastos programados para o ano 2010 pola nosa Universidade.

Cadro 7  
Orzamento de gastos da USC (en miles de euros)

Estrutura Económica		2009	2010	% var. s/2009
I.	Gastos de persoal	149.048,24	153.749,73	3,15
II.	Gastos en bens correntes e servizos	33.067,67	30.280,14	-8,43
III.	Gastos financeiros	1.800,00	650,00	-63,89
IV.	Transferencias correntes	4.232,13	3.367,93	-20,45
<i>Total operacións correntes</i>		<b>188.148,02</b>	<b>188.047,80</b>	<b>-0,05</b>
VI.	Investimentos reais	52.444,30	48.618,65	-7,29
VII.	Transferencias de capital	40,00	--	-100,00
VIII.	Variación de activos financeiros	--	--	--
IX.	Variación de pasivos financeiros	5.293,06	7.987,25	50,90
<i>Total operacións de capital</i>		<b>57.777,36</b>	<b>56.605,90</b>	<b>-2,03</b>
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>5.293,06</b>	<b>7.987,25</b>	<b>50,90</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>245.925,40</b>	<b>244.653,70</b>	<b>-0,52</b>

### *Capítulo I. Gastos de persoal*

Os créditos previstos para este capítulo no orzamento do exercicio 2010 ascenden a 153 millóns de euros, o que supón un crecemento respecto ao exercicio anterior do 3,1%, representando o maior peso porcentual dentro do total de gastos da Universidade, un 62,84%, o cal ten a súa lóxica en tanto que é unha institución centrada na docencia e a investigación, actividades con necesidades importantes de recursos humanos.

Na análise dos gastos de persoal resulta importante diferenciar dentro deste capítulo os gastos que levan asociados directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación e os complementos autonómicos, os pagamentos realizados ao abeiro do concerto entre a USC e o SERGAS, ou os asociados a determinados convenios, do resto de gastos de persoal, que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispón a USC. Unha parte da explicación do crecemento deste capítulo débese á evolución dos conceptos financiados con recursos finalistas, sendo o crecemento dos gastos de persoal financiados con recursos do 2,7% derivado da materialización en exercicios anteriores dos compromisos de estabilización e promoción do persoal, ademais dos obxectivos previstos para este capítulo na Programación Plurianual.

A evolución prevista para o capítulo I de gastos de persoal obedece, principalmente, aos seguintes feitos:

- Aplicación das actualizacións anuais do IPC (0,3 %) e dos acordos que tanto a nivel estatal e autonómico, como dentro da propia universidade, se recoñeceron para o persoal. A esta cantidade engádense os recursos para financiar os incrementos das pagas extras cumprindo o acordo sindical autonómico e nacional.
- Mantense o importante crecemento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, dedicación docente, produtividade investigadora e complementos autonómicos, todo isto como consecuencia do especial réxime retributivo do profesorado e da composición do cadro de persoal, sendo asumidos os dous primeiros conceptos con recursos propios e financiados os dous segundos con recursos alleos finalistas.
- Dotación dos recursos para as actuacións en materia de persoal, tanto en PDI como en PAS, previstas na Programación Plurianual, así como dos acordos establecidos cos diferentes colectivos, para levar a cabo melloras estruturais de carácter estratéxico.
- A estimación do compromiso derivado do Concerto co SERGAS, de realizar o pagamento do complemento retributivo asistencial dos profesores que traballan no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, supón un montante duns 5 millóns de euros.

## *Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos*

Os gastos en bens correntes e servizos integrados no capítulo II que se estiman para o exercicio 2010 ascenden á cantidade de 30,2 millóns de euros, o que supón unha importante diminución respecto do exercicio 2009, superando o 8%, acadando un peso relativo no total de orzamento do 12,38%.

Este decremento é o resultado da minoración dos gastos de funcionamento para facer fronte ás derivas das subministracións e servizos externos, ao tempo que se busca liberar recursos para facer fronte ás necesidades de persoal. Neste exercicio seguen a incluírse neste capítulo, transladándose dende o VI, as obrigas derivadas do compromiso co Consorcio Interbibliotecario de Galicia para a subministración das revistas electrónicas, que ascenden a 1,4 millóns de euros.

Cabe salientar, con relación á dotación deste capítulo, as seguintes partidas e conceptos como máis significativos:

- As partidas que se destinan a gastos de funcionamento ordinarios diminúen entorno ao 20%, cifrándose nos 1,4 millóns de euros.
- Aos programas de calidade da docencia e os servizos, ás medidas en relación coa planificación estratéxica dos departamentos e institutos de investigación e ás accións en materia de EEES, que seguen a ser prioritarias, dedícanse créditos por importe de 1,5 millóns de euros.
- Partidas para cultura, deportes e extensión universitaria por mais de 1 millón de euros.
- Gastos relacionados co Plan estratéxico das TIC por 1,2 millóns de euros.
- Gastos de matrícula, teses, tribunais, concursos, etc., por importe de 0,5 millóns de euros.
- Créditos para reparacións e xestión de infraestruturas por importe de 450 mil euros.
- Mantéñense os recursos para prácticas de campo, contemplándose así mesmo partidas para novas actuacións relacionadas cos mestrados universitarios.
- Orzaméntanse os gastos estimados para o servizo de limpeza, que ascenden a 8 millóns de euros, de seguridade, por un importe de 1,36 millóns de euros –cifras que se manteñen nos termos dos anos anteriores, compensando as subas destes servizos con reestruturación dos mesmos-, subministracións, con 5,2 millóns de euros de custe, así como mantementos e reparacións de material científico, por un importe superior a 1,8 millóns de euros.
- Contémplase un crédito xenérico de 2,25 millóns de euros –2,5 millóns de ingresos menos o 10% para gastos e investimentos comúns– para os cursos de posgrao e especialización.
- Así mesmo, inclúense neste capítulo II partidas de apoio ao acceso dos estudiantes á USC, á integración, funcionamento e mantemento de residencias, sostibilidade, solidariedade, comunicación e proxección exterior, áreas que se están a potenciar nestes últimos anos.
- Gastos de adquisición de revistas por 1,36 millóns de euros.
- Créditos a repartir aos centros por un importe de case 2 millóns de euros.
- Complementaranse as cantidades anteriores, recollidas no orzamento, coa incorporación de remanentes non afectados dos centros a realizar coa liquidación do exercicio 2009, por un importe estimado duns 348 mil euros nos programas de calidade e 249 mil euros da partida de prácticas de campo, partida esta última na que os centros concentran os créditos incorporables relacionadas con este concepto, polo que o seu saldo a final do exercicio é superior ao reparto inicial do ano pasado. Con estes remanentes se garante as Facultades e Escolas a mesma capacidade de gasto que no exercicio 2009.

### *Capítulo III. Gastos financeiros*

A previsión de gastos financeiros para o exercicio 2010 ascende a 650 mil euros, o que representa o 0,27% do gasto total da universidade, cunha importante minoración respecto do exercicio anterior pola evolución dos xuros e a minoración da débeda. Esta estimación fíxose segundo a previsión das cargas financeiras por xuros das débedas bancarias contraídas pola USC en exercicios anteriores dentro do Plan de Equilibrio Económico Financeiro, cuxa contía a 1 de xaneiro de 2010, tras as amortizacións xa realizadas en exercicios anteriores e no actual, ascende a un total de 33,9 millóns de euros.

### *Capítulo IV. Transferencias correntes*

O crédito previsto para este capítulo ascende a 3,36 millóns de euros, o que supón unha diminución do 20% respecto dos créditos inicialmente aprobados para o exercicio anterior. Case a totalidade desta diminución concentrarse nas colaboracións ou achegas a entidades externas, buscando o menor impacto sobre a actividade propia da USC. Destacan como gastos os programas de promoción da investigación así como a inclusión no orzamento das axudas á mobilidade de estudiantes, por importe estimado de 0,65 millóns de euros, financiado con recursos externos finalistas. Mantense a prioridade do gasto nos programas relacionados coa investigación, coa área TIC, e coa promoción do asociacionismo e proxectos estudiantís de participación universitaria, manténdose o esforzo financeiro nas liñas de axuda e bolsas, complementarias respecto das concedidas por outras administracións públicas, e nas relacionadas con actividades de extensión universitaria.

### *Capítulo VI. Investimentos reais*

O orzamento da USC para o ano 2010 en materia de investimentos ascende a 48,6 millóns de euros, o que representa o 19,87% do total do orzamento de gastos da Universidade para este exercicio, cubrindo as previsións en materia de investimentos reais e de investigación.

Respecto das dotacións incluídas neste capítulo convén destacar as seguintes liñas de acción:

- En materia de RAM, novas infraestruturas e proxectos orzáméntanse 5,1 millóns de euros para facer fronte ás estimacións de execución durante o exercicio 2010 das actuacións que se están a desenvolver segundo o establecido na previsión recollida na programación plurianual 2007-10.

O obxectivo neste ámbito é o de garantir o financiamento, xunto cos remanentes afectados que se incorporarán do exercicio 2009, de todas as actuacións en marcha, a meirande parte das cales se rematarán e entrarán en funcionamento neste ano 2010.

Así mesmos considéranse prioritarias as obras de RAM, o axeitamento á normativa e a seguridade que contarán cunha partida similar ao ano anterior para cumplir coa programación prevista no plano plurianual e continuar coa adaptación de todos os ascensores á nova normativa.

- Financiamento para continuar no 2010 a aplicación informática que permita unha adecuada xestión de espazos.
- Dótanse as previsións orzamentarias para a adquisición de libros e publicacións periódicas, cuantificadas nun montante de 1,54 millóns de euros, aos que deben engadirse os 1,4 millóns incluídos para revistas no capítulo II. Neste senso, dende o Equipo de Goberno seguen a buscarse fórmulas que permitan manter o nivel do servizo sen que a totalidade do seu custo recaia sobre o orzamento da USC.
- Continúa a apostar polas accións en materia de investigación, contando con recursos directamente asignados a elas por importe de 3,2 millóns de euros, incluíndo os contratos predoutorais e as convocatorias propias -orzamentadas no capítulo IV-, accións de promoción, financiamento de institutos e departamentos e a transferencia de resultados de investigación. Esta cantidade asignada no orzamento complementarase cunha incorporación na liquidación do exercicio 2009 de remanentes non afectados por importe de 1,7 millóns de euros, resultado de convenios e acordos desenvolvidos nos últimos anos principalmente coas administracións públicas.
- O resto de recursos do capítulo VI destinados a equipamentos deben ser minorados nunha porcentaxe de entre o 25% e o 30%, coa finalidade de poder fazer fronte ás prioridades do orzamento. Consideramos que o esforzo realizado nos últimos anos nestes ámbitos permite paliar os efectos negativos desta significativa redución neste ano de transición. En todo caso, polo que respecta aos centros, ás cantidades anteriores recollidas no orzamento engadiránselle ao liquidar o exercicio 2009 remanentes non afectados por importe de máis de 1,3 millóns de euros, o que equivale ao 170% do consignado nos orzamentos de dito exercicio.

En relación aos centros, artellaránse mecanismos de flexibilidade para que poidan utilizar os recursos dispoñibles nas súas necesidades reais, con independencia do capítulo ao que estean ligados actualmente ditos recursos. Asemade estudarase a dotación dun fondo de anticipos para actuacións extraordinarias que poidan ser plantexadas polos centros ao Equipo de Dirección.

- Finalmente, os créditos orzamentados para convenios, contratos e proxectos de investigación ascenden a 36,8 millóns de euros, unha vez descontados os correspondentes custos indirectos. A retención para cubrir os gastos indirectos que se lles practica é o 15 ou o 20%, en liña cos custos xa recoñecidos para os proxectos de investigación competitivos polas administracións convocantes -entre o 15% e o 21%-, e ánda lonxe dos custos reais.

#### *Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros*

Finalmente, neste capítulo inclúense os créditos destinados á amortización do endebedamento contraído pola Universidade. No Orzamento do ano 2010, e en correspondencia coas previsións recollidas en relación coa carga financeira, inclúense 7,98 millóns de euros, o 3,26% do total do orzamento. Desta cantidade 3,28 millóns de euros correspóndense coa amortización dos préstamos derivados do PEEF e o resto -4,7 millóns

de euros- co programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos e cos dos préstamos reintegrables. Unha parte do pago correspondente a éstes últimos é asumido pola Comunidade Autónoma que nos transfire un importe de 1,16 millóns de euros.

## ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2010

En virtude do disposto no artigo 81 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 171 dos Estatutos da Universidade aprobados por decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, pola presente norma apróbanse os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2010, que acadan a contía inicial en ingresos e gastos de 244.653.700,00 euros.

### 1.- CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

<b>INGRESOS</b>	
Capítulo III.- Prezos públicos e outros ingresos	43.543.000,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	138.729.220,00
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	750.000,00
Capítulo VII.- Transferencias de capital	51.631.480,00
Capítulo IX.- Variación de pasivos financeiros	10.000.000,00
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>244.653.700,00</b>
<b>GASTOS</b>	
Capítulo I.- Gastos de persoal	153.749.730,00
Capítulo II.- Gastos en bens correntes e servizos	30.280.140,00
Capítulo III.- Gastos financeiros	650.000,00
Capítulo IV.- Transferencias correntes	3.367.930,00
Capítulo VI.- Investimentos reais	48.618.650,00
Capítulo IX.- Variación de pasivos financeiros	7.987.250,00
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>244.653.700,00</b>

### 2. NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

#### Artigo 1. Os créditos e as súas vinculacións

1. As partidas orzamentarias do orzamento de gastos para o 2010 preséntanse de acordo coas clasificacións orgánica, funcional e económica.

2. A vinculación dos créditos establecese conforme cos seguintes criterios:

a) Clasificación orgánica:

- Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de código orgánico, coas excepcións que se indican no apartado c).

b) Clasificación económica.

- Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de capítulo:

- Os créditos destinados a gastos de persoal, agás o artigo 15 (gratificacións e produtivididade), quen manteñen a vinculación a nivel de artigo.
- Os gastos en bens correntes e servizos.
- Os gastos financeiros.

- Terán carácter vinculante a nivel de artigo:

- Os investimentos reais.
- Os activos e pasivos financeiros.

- Terán carácter vinculante a nivel de concepto as transferencias correntes e as transferencias de capital, agás o indicado no apartado seguinte.
- Terán carácter vinculante no nivel de desagregación co que figuren no orzamento:
  - Os créditos con financiamento específico
  - As subvencións nominativas.

**c) Clasificación funcional:**

- Con independencia dos apartados anteriores, terán só carácter vinculante a nivel de programa:
  - Os créditos asignados ás Oficinas de Arquitectura e Urbanismo e á Oficina de Xestión de Infraestruturas, e o crédito para reposición, ampliación e mellora (RAM) asignados á Vicerreitoría de Economía, Financiamento e Infraestruturas (programa 300A)
- 3. Non se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

**Artigo 2. Modificacións de crédito**

1. As modificacións de crédito esixirán unha proposta razoada da variación que se efectúe, e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 175 dos estatutos da Universidade de Santiago, de acordo coas seguintes particularidades:

- a) As transferencias de crédito entre os diferentes capítulos de gastos, e as de gastos correntes a gastos de capital serán autorizadas polo Consello de Goberno.
- b) As transferencias de gastos de capital a calquera outro capítulo serán autorizadas polo Consello Social, por proposta do Consello de Goberno.
- c) Non obstante o reitor autorizará aquelas transferencias que non superen o 5% do importe total do capítulo afectado.
- d) As distribucións de crédito que se realicen tecnicamente como transferencias por esixencias do programa contable e que se corresponden coas dotacións efectuadas desde as partidas que actúan como fondos a distribuir (créditos centros docentes pendentes reparto, aulas informáticas, prácticas de campo, programas de calidade, cursos posgrao, teses de doutoramento, concursos de provisión de prazas, imprevistos, proxectos, contratos e infraestruturas de investigación) serán autorizadas polo reitor.
- e) As modificacións que haxa que realizar dentro do programa 300A, de acordo co artigo 1.2, serán autorizadas polo reitor

3. Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento da Universidade, coa aprobación do reitor, os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos orzamentada, derivados das seguintes operacións:

- Prestacións de servizos.
- Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade.

**Artigo 3. Gastos de persoal**

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispón a Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma Galega.

Os custos de persoal docente e investigador, así como os de administración e servizos, deberá ser autorizados pola Comunidade Autónoma. Os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica da universidade ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica,

incluíndo o seu custo, remitiranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coas instrucións que esta fixe para a autorización dos custos pola Comunidade Autónoma.

- 2.** As contratacóns de persoal para substitucións de vacantes, baixas por enfermidade ou outras causas serán financiadas con cargo aos créditos dos correspondentes cadros de persoal sempre que exista crédito dispoñible. Para estes efectos a Xerencia ditará as instrucións necesarias para asegurar o control orzamentario na xestión dos créditos correspondentes.
- 3.** Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos finanziados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos.
- 4.** A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.
- 5.** Terán a consideración de créditos ampliables os créditos para o pagamento dos conceptos de mérito docente, produtividade investigadora, complemento retributivo autonómico, complementos asistenciais SERGAS, complemento asistencial Rof-Codina, trienios, formación PAS e seguridade social.
- 6.** Inclúense no capítulo I os créditos destinados ao financiamento dos planos de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á acción social do persoal.
- 7.** A Xerencia establecerá o procedemento para o seguimento da execución do Capítulo I.

#### **Artigo 4. Créditos de centros, departamentos e institutos**

- 1.** Os créditos asignados aos centros docentes terán por finalidade finanziar os gastos da docencia, así como tamén aqueles gastos que son necesarios para o seu funcionamento ordinario. Namentres non se efectúe a distribución por centro destes créditos de acordo cos criterios establecidos, consignarase como crédito inicial para cada centro o que figura no anexo 1 destas normas, que equivale ao crédito dispoñible segundo a resolución de prorroga do orzamento para 2010. A diferenza global orzamentada permanecerá como de reparto a distribuir con posterioridade.
- 2.** Os créditos distribuídos aos departamentos teñen como primeiro obxectivo atender os gastos derivados da investigación que se faga neles, e deberán finanziar, ademais, outros gastos asociados ao funcionamento ordinario dos mesmos.
- 3.** Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo aos créditos dos departamentos e institutos universitarios; non obstante poderase utilizar o crédito, logo de realizar as modificacións que correspondan, para cofinanciar contratos ou nomeamentos de bolseiros dentro de programas públicos de incorporación de investigadores.
- 4.** As Xuntas de Centro e os Consellos do Departamento e Institutos acordarán os criterios de xestión e utilización dos seus créditos, de acordo con esta norma e as instrucións que se diten ao respecto.

#### **Artigo 5. Xestión e contabilización dos créditos e gastos**

- 1.** De acordo coas instrucións operativas que se diten, as autorizacións de crédito que se realicen e que afecten a exercicios futuros (contratación administrativa ou contratación de persoal) serán contabilizadas no exercicio que proceda, e manteranse actualizadas permanentemente.
- 2.** En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes, dos gastos derivados da contratación de persoal ou nomeamento de bolseiros con cargo a créditos finanziados con achegas específicas, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.
- 3.** No 2010 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos en vigor de servizos, subministracións ou obras. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado de consumo en caso de contratos de contía variable. Para a revisión de prezos dos contratos deberá enviarse ao Servizo de Xestión Económica a autorización de crédito efectuada segundo o dito anteriormente.
- 4.** A dotación de anualidades ou novas partidas orzamentarias para actividades de I+D+i realizaranse pola Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT), para o que se efectuarán distribucións de crédito desde as partidas xenéricas 8050.2000.64100 (proxectos de investigación) e 8050.2000.64200 (contratos e convenios de investigación). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2010; para estes

efectos a Vicerreitora de Investigación e Innovación ten delegada a sinatura das modificacións de crédito. A comunicación das dotacións orzamentarias que efectúa a OIT aos directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos.

As dotacións específicas para os cursos de posgrao xestionados polo Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua faranse de xeito similar ao establecido no parágrafo anterior, para o que se distribuirá o crédito ás partidas correspondentes de cada curso desde a partida 5501.1100.22800

Non obstante, no caso de que as dotacións a realizar para actividades de I+D+i ou cursos de posgrao superen os importes das referidas partidas efectuaranse as correspondentes xeracións de crédito

#### **Artigo 6. Imputación de gastos**

1. O reitor poderá determinar, por iniciativa do director do centro de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

2. A facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores, así como as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao cerre do exercicio, imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior ao non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

#### **Artigo 7. Remanentes de crédito**

1. Son remanentes específicos os créditos non obrigados a 31 de decembro correspondentes a infraestruturas, proxectos, contratos e convenios de investigación, prácticas de campo, créditos por accións de calidade, cursos, congresos, e en xeral os créditos financiados con achegas específicas.

2. No capítulo IV só teñen esta consideración os créditos financiados con achegas específicas.

3. A incorporación destes créditos deberá autorizala o reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

4. O financiamento de créditos no estado de gastos con cargo ao remanente xenérico de tesourería será aprobado polo Consello de Goberno.

5. A incorporación de remanentes de crédito correspondentes a departamentos e outras operacións de capital será autorizada polo reitor, en función das dispoñibilidades financeiras existentes despois de realizada a liquidación do exercicio, dando conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social

6. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo únicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación, coa excepción daqueles que teñen financiamento específico.

#### **Artigo 8. Contratación administrativa**

1. A contratación administrativa farase de acordo coa normativa en vigor para o sector público, e conforme cos procedementos aprobados pola USC, que serán comunicados pola Xerencia aos servizos, unidades e responsables de asuntos económicos, xunto cos medios técnicos que se van utilizar.

2. Procederá poñer en coñecemento do Servizo de Xestión Económica, coa antelación suficiente, todos aqueles gastos para os que, con independencia da súa contía, se deba asinar un contrato.

3. Logo da autorización do Consello de Goberno, o reitor poderá asinar os contratos de arrendamento que superen o límite dos catro anos establecido na normativa de contratación do sector público, sempre que as condicións do mercado o aconsellen por criterios de economía. Destes contratos darase conta ao Consello Social.

#### **Artigo 9. Tarifas**

1. As tarifas pola prestación de servizos ou venda de bens apróbanse como un anexo ao orzamento anual.

2. Toda proposta de establecemento de novas tarifas deberá ser enviada á Xerencia acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

### **Artigo 10. Axudas para prezos públicos**

As axudas para prezos públicos por servizos académicos estableceranse só para o persoal desta universidade e con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social.

### **Artigo 11. Axudas de custo e locomoción**

A percepción de axudas de custo e locomoción debe aterse ao regulado no Real Decreto 462/2002 e normas concordantes. En particular debe terse en conta:

- a) Será precisa a autorización previa, polo órgano competente, da comisión de servizo que dea lugar ao desprazamento.
- b) Ademais da autorización anterior, a percepción de axudas pola utilización do vehículo particular para efectuar desprazamentos debe ser excepcional e indicarase sempre o itinerario seguido. Os desprazamentos a fóra da Galicia e que sexan superiores a 300 km será preciso xustificalos achegando recibos de peaxe de autoestradas ou xustificación de reposición de combustible no traxecto.
- c) O importe máximo por aloxamento en cidades de máis de trescentos mil habitantes (Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Zaragoza, Málaga, Murcia, Palma de Mallorca, Las Palmas de Gran Canaria, Bilbao, Córdoba, Alicante e Valladolid) pode elevarse ata un 50% do importe establecido para cada grupo.
- d) Débense ter en conta as horas de saída e chegada para os efectos do establecido no artigo 12 do citado Real Decreto (percepción de  $\frac{1}{2}$  axuda)
- e) A localidade de inicio e fin da comisión de servizo é, con carácter xeral, aquela na que o traballador teña o seu posto de traballo. Non obstante considerarase que é o lugar de residencia nos casos en que este estea máis próximo ao lugar de saída (aeroporto) ou de destino.

### **Artigo 12. Gastos por atencións protocolarias, formación e outros**

**1.** Atencións protocolarias. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha explicación na que se especifiquen os motivos que xustifican a realización dos gastos e os cargos, persoas ou grupos destinatarios. En particular esixiranse estes documentos explicativos nos gastos relativos a comidas, aloxamentos e agasallos.

**2.** Importes máximos a retribuír por conferencias. Cando o importe a aboar pola impartición dunha conferencia supere os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

**3.** Gastos de formación individuais. Os gastos de formación que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, de idiomas, cursos básicos de informática e similares, salvo xustificación e autorización expresa do reitor ou órgano en quen teña delegada a competencia.

**4.** Cotas por pertenza a asociacións. Non se poderán tramitar con cargo aos orzamentos da USC gastos relativos ás cotas de pertenza a asociacións a título particular.

**5.** Participación do PAS en actividades de I+D+i e de formación. A participación do persoal de administración e servizos en actividades de I+D+i está contemplada no Regulamento de colaboración do persoal de administración e servizos da USC en cursos e convenios de investigación, publicado por Resolución Reitoral de 20 de maio de 1989 e publicada no DOG do 12 de xullo de 1989 e en <http://www.usc.es/gl/normativa/investigacion/colapas1.html>. Pola súa parte, a colaboración en actividades de posgrao propio e formación continua está contemplada no Regulamento dos estudios de posgrao e formación continua ([http://www.usc.es/gl/normativa/3ciclo/regulamento\\_EPFC.html](http://www.usc.es/gl/normativa/3ciclo/regulamento_EPFC.html)) Non se autorizará o pagamento de retribucións pola realización doutras actividades ou daquelas que non sigan os procedementos de autorización establecidos nas normas anteriores.

**6.** Persoal contratado e bolseiro con cargo a actividades de I+D+i. As modalidades de incorporación deste persoal, as súas categorías e sistema retributivo, debe seguir os procedementos contemplados na normativa da USC, publicada en <http://www.usc.es/gl/normativa/investigacion>.

**Artigo 13. Pagamentos con tarxeta persoal e medios electrónicos de xustificación dos gastos**

- 1.** Pagamentos por medios electrónicos e facturación. As facturas para xustificar gastos que se vaian aboar con cargo ao orzamento da USC deben ser a nome desta, e cos seus datos fiscais, agás nos xustificantes para axudas de custo e locomoción, que serán a título persoal. O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.
- 2.** As facturas e documentos análogos deben presentarse en papel, agás nos casos de facturación electrónica regulados no Real Decreto 1496/2003. Para estes efectos a transmisión electrónica dunha copia da factura (formato PDF ou análogos) non ten a consideración de factura electrónica.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

- 1.** Se como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto se producen cambios na codificación das partidas do orzamento, os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.
- 2.** Durante o exercicio económico 2010 continúan plenamente operativas as instrucións relativas ao tratamento contable do IVE iniciado no exercicio 2008, así como o tratamento da facturación interna iniciada nese exercicio.
- 3.** Autorízase ao Xerente da Universidade a que dite as instrucións necesarias para a adaptación e desenvolvemento das normas de execución do orzamento.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A partir do día da aprobación do orzamento para 2010 queda sen efecto a resolución de 29 de decembro de 2009 de prórroga do orzamento do ano anterior.

# **ORZAMENTO DE INGRESOS**

### 3.3.1-ORZAMENTO DE INGRESOS

ORGÁNICA	ECONÓMICA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
01.8120	310	PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULA	21.139.000,00
01.6020	31100	PREZOS CENTRO LINGUAS MODERNAS	271.000,00
01.8120	31106	MATRICULA CUARTO CICLO	28.000,00
01.5501	312	MATRÍCULA CURSOS DE POSGRAO	2.500.000,00
01.8120	320	DEREITOS DE INSCRICIÓN EN OPOSICIÓN E CONCURSOS	27.000,00
01.7600	322	DEREITOS ALOXAMENTO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	1.900.000,00
01.7065	323	SERVICIOS PRESTADOS POR INVESTIGACIÓN	15.000.000,00
01.7535	32900	ESCOLA INFANTIL BREOGÁN	540.000,00
01.7540	32901	COTAS USO INSTALACIÓN DEPORTIVAS	525.000,00
01.7025	33000	VENDAS DE PUBLICACIÓN PROPIAS	93.000,00
01.8120	33300	VENDAS ENERXÍA ELÉCTRICA	120.000,00
01.8120	38101	ANUNCIOS CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	20.000,00
01.8120	38103	COMPENSACIÓN CONSUMOS SUBMINISTROS CONCESIONARIOS	430.000,00
01.8120	39905	COMPENSACIÓN IVE	950.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS EOUTROS INGRESOS</b>			<b>43.543.000,00</b>

01.8120	41001	ORGANISMO AUTONOMO PROGRAMA EDUCATIVOS EUROPEOS . PROGRAMA ERASMUS	650.000,00
01.8120	45101	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.FINANCIAMIENTO INCONDICIONADO	112.895.740,00
01.8120	45102	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN. MÉRITO INVESTIGADOR	4.010.370,00
01.8120	45103	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN. COMPLEMENTO PLAN	7.002.250,00
01.8120	45105	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.TRANSF.CALIDADE- CONTR.PROGRAMA	2.020.000,00
01.8120	45106	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AUTÓNOMICO	2.991.240,00
01.8120	45110	XUNTA DE GALICIA. PROGRAMAS FINANCIAMIENTO ADICIONAL	215.000,00
01.8120	45111	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN. CONTRATO PROGRAMA EEEs	1.200.000,00
01.8120	45112	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	827.000,00
01.8120	45140	SERVICIO GALEGO DE SAÚDE	4.942.620,00
01.8120	47001	BANCO SANTANDER	1.800.000,00
01.8120	47002	CAIXANOVA	100.000,00
01.8120	48002	FUNDACIÓN CAIXA GALICIA	75.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			<b>138.729.220,00</b>

01.8120	520	XUROS DE CONTAS BANCARIAS	550.000,00
01.8120	550	CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS	200.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS</b>			<b>750.000,00</b>

01.7065	70100	MEC . RECURSOS INVESTIGACIÓN	9.000.000,00
01.7065	710	ORGANISMOS AUTONOMOS ADMINISTRATIVOS.RECURSOS INVESTIGACIÓN	300.000,00
01.7065	72000	FONDO DE INVESTIGACIÓN SANITARIAS.RECURSOS INVESTIGACIÓN	800.000,00
01.7065	75000	XUNTA DE GALICIA. RECURSOS INVESTIGACIÓN	15.000.000,00
01.8120	75000	XUNTA DE GALICIA. FINANCIAMIENTO ADICIONAL INVESTIGACIÓN	10.379.880,00
01.8120	75001	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN : OBRAS E EQUIPAMENTOS	3.500.000,00
01.8120	75002	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.REP., AMPLIACIÓN E MELLORA (R.A.M.)	1.971.000,00
01.8120	75003	PROGRAMA DE APOIO A I + D	4.862.300,00

01.8120	75004	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN. PROMOCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA	1.400.000,00
01.8120	75006	CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA	1.168.300,00
01.7065	760	CORPORACIÓNS LOCAIS. RECURSOS INVESTIGACIÓN	250.000,00
01.7065	79500	UNIÓN EUROPEA.RECURSOS INVESTIGACIÓN	3.000.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>			<b>51.631.480,00</b>
01.8120	91300	PRÉSTAMOS RECIBIDOS A LONGO PRAZO FÓRA DO SECTOR PÚBLICO	10.000.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEROS</b>			<b>10.000.000,00</b>
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>			<b>244.653.700,00</b>

## ORZAMENTO DE GASTOS

PARTIDA ORZAMENTARIA			IMPORTE CRÉDITO
ORGÁNICA	FUNCIONAL	ECONÓMICA	

## CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL

### ARTIGO 11. PERSOAL EVENTUAL

Persoal eventual. Soldo	8075	3000	11010	171.700,00
Persoal eventual. Trienios	8075	3000	11011	1.100,00
<b>TOTAL ARTIGO 11</b>				<b>172.800,00</b>

### ARTIGO 12. PERSOAL FUNCIONARIO

#### Persoal de Administración e Servizos

PAS funcionario. Soldo	8075	3000	12010	6.357.100,00
PAS funcionario. Trienios	8075	3000	12011	1.128.500,00
PAS funcionario. Pagas extras	8075	3000	12012	2.972.730,00
PAS funcionario. Complemento de destino	8075	3000	12110	3.990.000,00
PAS funcionario. Complemento específico	8075	3000	12111	4.740.000,00
PAS funcionario. Reestructuración cadro	8075	3000	12201	125.000,00
PAS funcionario. Plan de xubilacións anticipadas	8075	3000	12203	37.500,00
<b>Total Persoal Administración e Servizos</b>				<b>19.350.830,00</b>

#### Persoal Docente e Investigador

PDI funcionario. Soldo	8075	3000	12020	21.222.600,00
PDI funcionario. Trienios	8075	3000	12021	6.297.900,00
PDI funcionario. Pagas extra	8075	3000	12022	8.474.800,00
PDI funcionario. Trienios SERGAS	8075	3000	12023	131.500,00
PDI funcionario. Complemento de destino	8075	3000	12120	15.623.400,00
PDI funcionario. Complemento específico xeral	8075	3000	12121	10.905.000,00
PDI funcionario. Mérito docente (quinquenios)	8075	3000	12122	9.336.300,00
PDI funcionario. Producción investigadora (sexenios)	8075	3000	12123	4.010.400,00
PDI funcionario. Cargos académicos	8075	3000	12124	1.421.400,00
PDI funcionario. Mérito docente ensino non universitario	8075	3000	12127	68.100,00
PDI funcionario. Complemento retributivo autonómico	8075	3000	12131	3.000.300,00
PDI funcionario. Complemento asistencia fixo SERGAS	8075	3000	12141	3.054.700,00
PDI funcionario. Complemento productividade variable SERGAS	8075	3000	12143	1.332.500,00
PDI funcionario. Reestructuración cadro	8075	3000	12250	160.000,00
PDI funcionario. Plan de xubilacións anticipadas	8075	3000	12251	75.000,00
<b>Total Persoal Docente e Investigador funcionario</b>				<b>85.113.900,00</b>

### TOTAL ARTIGO 12

**104.464.730,00**

### ARTIGO 13. PERSOAL LABORAL

#### Persoal Laboral fixo de Administración e Servizos

PAS laboral. Soldo	8075	3000	13000	8.744.600,00
PAS laboral. Trienios	8075	3000	13001	1.517.600,00
PAS laboral. Pagas extra	8075	3000	13002	3.974.600,00
PAS laboral. Gratificación por xubilación	8075	3000	13008	75.100,00
PAS laboral. Complemento persoal transitorio	8075	3000	13021	7.400,00
PAS laboral. Plus categoría	8075	3000	13030	1.494.000,00
PAS laboral. Plus postos singularizados	8075	3000	13031	867.900,00
PAS laboral. Plus xornada	8075	3000	13033	279.400,00
PAS laboral. Plus especial dispoñibilidade	8075	3000	13034	22.700,00
PAS laboral. Reestructuración cadro	8075	3000	13040	125.000,00
PAS laboral. Plan de xubilacións anticipadas	8075	3000	13042	37.500,00
<b>Total Persoal Laboral de Administración e Servizos</b>				<b>17.145.800,00</b>

**Persoal Docente Laboral :**

PDI laboral. Soldo	8075	3000	13060	3.942.200,00
PDI laboral. Complemento de destino	8075	3000	13061	3.174.800,00
PDI laboral. Complemento específico	8075	3000	13062	1.409.500,00
PDI laboral. Trienios	8075	3000	13063	86.300,00
PDI laboral. Pagas extra	8075	3000	13064	1.509.800,00
PDI laboral. Complementos retributivos autonómicos	8075	3000	13065	365.300,00
PDI laboral. Mérito docente (quinquenios)	8075	3000	13066	370.500,00
PDI laboral. Reestructuración cadre	8075	3000	13070	40.000,00
<b>Total Persoal Docente e Investigador laboral</b>				<b>10.898.400,00</b>

PAS Temporal. Retribucións	8075	3000	13100	272.000,00
----------------------------	------	------	-------	------------

Persoal Alta Dirección. Retribucións	8075	3000	13110	105.800,00
--------------------------------------	------	------	-------	------------

**TOTAL ARTIGO 13****28.422.000,00****ARTIGO 14. OUTRO PERSOAL****Persoal Docente e Investigador contratado administrativo**

PDI contratado administrativo. Soldo	8075	3000	14110	1.819.000,00
PDI contratado administrativo. Complemento de destino	8075	3000	14111	976.900,00
PDI contratado administrativo. Complemento específico	8075	3000	14112	239.600,00
PDI contratado administrativo. Tramos antigüidade	8075	3000	14115	229.800,00
PDI contratado administrativo. Pagas extra	8075	3000	14118	534.600,00

**Profesores eméritos**

Profesores eméritos	8075	3000	14800	488.500,00
---------------------	------	------	-------	------------

**TOTAL ARTIGO 14****4.288.400,00****ARTIGO 15. INCENTIVOS AO RENDEMENTO**

Productividade PAS

8075	3000	15010	50.000,00
------	------	-------	-----------

**TOTAL ARTIGO 15****50.000,00****ARTIGO 16. COTAS, PRESTACIÓNS E CARGAS SOCIAIS A CARGO DO EMPREGADOR****Cotas Sociais:**

PAS funcionario e laboral. Seguridade Social	8075	3000	16010	9.593.500,00
Persoal Eventual. Seguridade Social	8075	3000	16011	53.800,00
Persoal Alta Dirección. Seguridade Social	8075	3000	16012	30.000,00
PDI SERGAS. Seguridade Social	8075	3000	16013	850.400,00
Persoal Docente e Investigador. Seguridade Social	8075	3000	16020	4.499.100,00

**Total Cotas Sociais****15.026.800,00**

Acción Social

8075	4000	16200	1.150.000,00
------	------	-------	--------------

**Total Acción Social****1.150.000,00****Gastos de Formación**

Programa de formación do PAS	8075	3038	16300	175.000,00
------------------------------	------	------	-------	------------

**Total Cursos de Formación****175.000,00****TOTAL ARTIGO 16****16.351.800,00****TOTAL CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL****153.749.730,00**

## CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

### CONCEPTO 204. ARRENDAMENTO MATERIAL DE TRANSPORTE

Partidas

Servizos Centrais. Arrendamento vehículos	8075	3000	20400	50.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 204</b>				<b>50.000,00</b>

### CONCEPTO 206. ARRENDAMENTO EQUIPOS PROCESOS INFORMACIÓN

Partidas

Servizos Centrais. Arrendamento equipos impresión	8075	3000	20600	120.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 206</b>				<b>120.000,00</b>

### CONCEPTO 212. REPARACIÓN E MANTEMENTO DE EDIFICIOS

Partidas

Oficina de Arquitectura e Urbanismo - Lugo	7524	300A	21200	75.000,00
Oficina de Arquitectura e Urbanismo - Santiago	7525	300A	21200	75.000,00
Oficina de Xestión de Infraestruturas - Santiago	7526	300A	21200	220.000,00
Oficina de Xestión de Infraestruturas - Lugo	7527	300A	21200	60.000,00
Consello Social.Reparacíons edificios e outras construccíons	8070	3000	21200	1.000,00
Vicerreitoría de Cultura. Reparacíons e mantemento San Xerome e Fonseca	8035	3000	21200	10.000,00
Facultades e Escolas . Reparación e mantemento de edificios (reparto)	-	3026	21200	277.680,00
<b>TOTAL CONCEPTO 212</b>				<b>718.680,00</b>

### CONCEPTO 213. REPARACION E MANTEMENTO MAQUINARIA

Partidas

Consello Social.Reparacíons e mantemento maquinaria	8070	3000	21300	1.000,00
Servizos Centrais	8075	3000	21300	1.123.200,00
<b>TOTAL CONCEPTO 213</b>				<b>1.124.200,00</b>

### CONCEPTO 214. REPARACIÓN E MANTEMENTO ELEMENTOS DE TRANSPORTE

Partidas

Servizos Centrais	8075	3000	21400	10.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 214</b>				<b>10.000,00</b>

### CONCEPTO 215. REPARACION E MANTEMENTO MOBLAXE E EQUIPAMENTO

Partidas

Biblioteca Xeral	7010	3001	21500	72.000,00
Área das TIC	7505	3000	21500	920.000,00
Vicerreitoría de Investigación e Innovación: Reparación de Material Científico	8050	2308	21500	550.000,00
Consello Social.Reparac.moblaxe	8070	3000	21500	1.000,00
Servizos Centrais	8075	3000	21500	130.000,00
<b>TOTAL CONCEPTO 215</b>				<b>1.673.000,00</b>

### CONCEPTO 220. MATERIAL DE OFICINA1

Partidas

Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua. Gastos correntes	5501	3000	22000	12.000,00
Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe. Gastos correntes	5502	3000	22000	2.000,00
Instituto de Ciencias da Educación. Gastos correntes	6010	3000	22000	6.400,00
Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia. Gastos correntes	6015	2403	22000	2.000,00
Centro de Linguas Modernas. Gastos correntes	6020	3000	22000	16.000,00
Instituto da Lingua Galega. Gastos correntes	6025	2401	22000	1.200,00
Instituto de Criminoloxía. Gastos correntes	6030	3000	22000	52.000,00
Instituto de Cerámica. Gastos correntes	6035	2405	22000	1.600,00

Instituto de Medicina Legal. Gastos correntes	6040	2407	22000	4.000,00
Instituto de Investigacións e Análises Alimentarias. Gastos correntes	6045	2404	22000	1.200,00
Instituto de Ciencias Neurolóxicas. Gastos correntes	6050	2409	22000	400,00
Instituto de Dereito Industrial. Gastos correntes	6055	2408	22000	400,00
Instituto de Física de Altas Enerxías. Gastos correntes	6060	2413	22000	400,00
Instituto Universitario de Investigacións Tecnolóxicas. Gastos correntes	6065	2406	22000	4.000,00
Instituto de Matemáticas. Gastos correntes	6070	2410	22000	400,00
Instituto de Acuicultura. Gastos correntes	6075	2411	22000	3.600,00
Instituto de Farmacia Industrial. Gastos correntes	6080	2412	22000	800,00
Instituto de Investigacións Ortopédicas. Gastos correntes	6090	2415	22000	800,00
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Gastos correntes	6095	2416	22000	400,00
Escola de Práctica Xurídica. Gastos correntes	6510	3000	22000	80.000,00
Bibliotecas. Gastos correntes	7010	3001	22000	120.000,00
Biblioteca Intercentros Campus de Lugo. Gastos correntes	7011	3001	22000	2.400,00
Biblioteca Concepción Arenal. Gastos correntes	7012	3001	22000	4.800,00
Arquivo Histórico. Gastos correntes	7015	3000	22000	20.800,00
Servizo de Medios Audiovisuais. Gastos correntes	7020	3000	22000	6.400,00
Servizo de Publicacións. Gastos correntes	7025	3000	22000	68.000,00
Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía. Gastos correntes	7030	2000	22000	8.000,00
Observatorio Astronómico. Gastos correntes	7040	2501	22000	1.200,00
Servizo de Traducción. Gastos correntes	7045	3000	22000	1.600,00
Museo Luís Iglesias. Gastos correntes	7050	3000	22000	1.200,00
Centro de Estudos Avanzados. Gastos correntes	7055	3000	22000	3.520,00
Estación Bioloxía Mariña da Graña. Gastos correntes	7060	2000	22000	1.600,00
Estación de Hidrobioloxía do río Con. Gastos correntes	7061	2000	22000	1.600,00
Oficina de Investigación e Tecnoloxía. Gastos correntes	7065	2000	22000	18.000,00
Área das TIC. Gastos correntes	7505	3000	22000	32.000,00
Centro de Documentación Europea. Gastos correntes	7520	3000	22000	8.000,00
Escola Infantil Breogán. Gastos correntes	7535	4000	22000	33.600,00
Valedor da Comunidade Universitaria. Gastos correntes	7575	4000	22000	4.400,00
Servizo Universitario de Residencias. Gastos correntes	7600	4100	22000	40.000,00
Oficina do Reitor. Gastos correntes	8010	3000	22000	13.600,00
Programa "A Ponte". Gastos correntes	8010	4005	22000	50.000,00
Vicerreitoría de Calidade e Planificación. Gastos correntes	8011	3000	22000	6.400,00
Vicerreitoría de Política Internacional. Gastos correntes	8013	3000	22000	16.000,00
